

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL

ANO VIII - Núm. 205 — 1.º Outono 1924

PRECIOS DE SUSCRIPCIÓN

Na Cruña, mes 40 ctmos; Fora, trimestre, 1'50 pesetas.
América, trimestre, 2 ptas; Coste d' un número 15 céntimos.—Pagos adiantados.

Redacción e Administración RUA REAL 36 — 1.º

A. CRUÑA

JOHAN VIQUEIRA

Ainda embargados pol-a pena que nos produxo a sua inesperada morte e baixo a influencia d'unha dôr que non desaparecerá, escribimos estas liñas. Non era Viqueira un home a quen pódese esquecer en mais ou menos tempo. Por todos conceptos, e coñecendo como nós o coñocíamos, facíase acreedor a un cariño e respecto que todos cantos tivemos a dita de o tratar e compartir con él longamente de cousas do espírito gardábase con devoción hacia o mestre bon, nobre e sinxelo. Aquel respecto fica trocado agora n'unha lembranza inmorente.

Na cofradía espiritual dos «bos e xenerosos» falta un novo irmán a quen choramos os que quedamos. Con nosco o chorarán tamén cantos o conoían. Viqueira debido á sua enorme modestia raiana na exaxeración; non era tan conocido en Galicia como debiera pol-o seu extraordinario talento e o seu grande valor cultural. Erao en troques no extranxeiro, moi especialmente en Alemaña, onde os seus traballos sobre filosofía, psicoloxía e outras materias do espírito eran grande e debidamente admirados. Nós que o coñocíamos de cerca decimos que era un dos homes de mais valer positivo da Hespaña contemporánea. Os seus traballos en revistas de cultura de Galicia, Hespaña, Portugal, Alemaña, Inglaterra e outros países son proba indiscutible da nosa afirmación.

Era ademais no seu trato particular un home d'unha grandeza moral poucas veces frecuente. Na cátedra, mais que profesor era un irmán dos seus alumnos que o veneraban. Ingresou nas Irmandades tan axiña como soupo da sua



existencia, residindo en Portugal. Dende entón veu realizando unha enorme labor pol-a nosa cultura, idioma e pensamento galeguista. Pol-os seus extraordinarios méritos era das nosas primeiras figuras e do mais escollido da cultura galega que moito lle debe.

Tiña ademais un temperamento de apóstol que merecía a nosa veneración. Homes como Viqueira honran a un país e a unha causa. El foi un fervente investigador da verdade e o feito de que fose un dos mais convencidos da patriótica Irmandade dos «bos e xenerosos» é para nós, ademais d'un motivo de orgullo, unha proba indiscutible da verdade e certeza da nosa actuación. Galicia debe un homenaxe póstumo ao grande e chorado Viqueira. O noso homenaxe e de lembranza eterna. De admiración pol-o seu valer e de afirmación de seguir loitando con firmeza pol-o abranqueiro fin do seu derradeiro pensamento que é o noso.

E sempre nas nosas actuacións o espírito de Viqueira co de outros que antes d'él nos deixaron terán posto de honor na vanguardia do movemento noso como corresponde aos seus méritos á sua significación dentro da nosa causa e ao que representaban na historia actual de Galicia que na sua hora saberá pagar, como compre a un pobo digno e libre, a deuda que debe a homes que, como Viqueira, tanto a honraron e enalteceron.

¡Acougue o querido irmán na santa paz da Terra galega namentras que no noso corazón e pensamento vivirá eternamente.



Como catedrático do Instituto da Cruña demostrou as suas excelentes cualidades para o ensino, e así o seu libro «Psicología Pedagógica» está escrito nunha forma clara e comprensiva, que revela o verdadeiro talento e os profundos coñecimentos na materia que trataba. Escribiu tamén outras obras, libros e folletos, entre os que lembraremos:

La enseñanza de la Psicología en las universidades alemanas.—Forma y color en el dibujo infantil.—Que es una medida mental. ¿Es posible una Psicología cuantitativa?—Kant y la Escuela filosófica de Marburgo (traducción e notas).—¿Fue el Greco astigmático? (traducción e notas).—Introducción a la Psicología Pedagógica.—Cuestiones de Psicología contemporánea.—Historia de la filosofía (traducción e notas).—Tratado de la naturaleza

humana (tradución e notas). Ademais publicou infinidade de traballos sobre filosofía galega, sobre música, psicoloxía e outras varias materias en diversas revistas e xornaes, pronunciou varias conferencias na nosa fala, que tan ben conoía e tanto amaba, e foi colaborador asíduo da A Nosa Terra, que durante algún tempo dirixiu como Conselleiro primeiro da Irmandade.

Tan axiña como se soupo na Cruña a súa morte saleu para Ouces unha comisión da Irmandade que concurriu ao enterro. Foi portadora de varios ramilletes de frores que lle ofrendou e d'unha bandeira galega que envolveu a caixa hasta o cimiterio onde repousa. O balcón da Irmandade estivo enloitado dous días.

Temos recibido moitas manifestacións de pesar.

A todos enviamos a expresión do noso profundo agradecimento.

(Este número foi revisado pol-a censura militar)

O MEU LAR

*O vento vate nas janelas,
o vento mail-a auga.
¡Que ven que s'está en ti,
miña casiña amada!
Enxamios de surrisas
tes, ledas, craras;
un mui doce lume d'agarimo
e paz santa.*

*¿Es probe? Non, certo, qu'en ti fixo
Amor sua morada,
o antigo deus que purifica
as nosas almas,*

*O vento bate nas janelas
o vento mail-a auga.*

*¡Que ben que s'está en ti,
miña casiña amada!*

*Baixo do branco luar
logo adormecen as frores:
antr'as follías repousan
os paxaros voadores.*

Durme amor dos meus amores.

*Nas ponlas dos abeneiros,
toleiron, devagariño*

*vain dicindo unha cantiga,
pra te arrolar, o ventiño.*

*Durme, durme, meu nenino,
toleiron, devagariño.*

JOHAN VIQUEIRA

Vijoy-Mayo 1924



JOHAN V, VIQUEIRA. - DIBUXO DE CEBREIRO

NA TUA LEMBRANZA

Os corazóns galegos áchase hoje enloitados pola morte d'un Mestre, Johán Vicente Viqueira, un dos espíritos mais cultos e representativos de Galiza, deixou de existir entre nós, deixando valeiro un lugar preeminente na nova intelteualidade galega.

Na súa millor idade, na plenitude da súa vida, cando escomenzaba a producir algo do muito que d'él se podía agardare, caeu como unha árbore carregada de froito e derrubada por un vento traizoero.

Lazos fondos de amigo, espírituaes e de sangue, uníame a él en apreixoada irmandade, que o continuo roce a través de tempo tiña consolidado e fomentado mais cada vez.

Vagamentos hoje aínda o lembro, sendo eu neno, na Quinta de San Victorio, preto de Betanzos, deitado días e días n'unha cadeira «chaiselong», ou ben sosténdose en dúas muletas, camiñando amodiño ao redor do jardín. Foi daquela que escomenzaba a súa longa doenza da perna, polo que tivo mais tarde, de sere operado por dúas veces en París, e obrigado a se inmovilizare un longa tempada qu'il soportou co'a maior resiliación e pacencia.

Deste xeito tan pouco risoño, pasaron os anos mozos de Viqueira, durante os cuaes, foron tantas as molestias que a doenza da perna lle causara qu'il dicia sere ja insensíbel a toda dor corporal.

Tiña sido discípulo predileito do sabio profesor médico psicólogo Doutor Simarro, pra quen tiñan creado especialmente unha cadeira na Universidade Central. Ja nesta época se manifestaba en Viqueira a súa vocación para os estudos psicolóxicos, que logo o levaran a se especializar nestas materias as Universidades da Alemaña, pensionado pola Junta para Ampliación de Estudios.

Algús dos seus familiares, atopábanlle un gran parecido no que respecta a súa maneira de sere, con un seu tío, o célebre teólogo, profesor do Seminario e Deán da Catedral de Compostela, D. Santiago Viqueira, persoa de mui recoñecida sabencia, de quen contan, daba a súa clas en galego e a quen aínda lembran en toda Galiza.

Mais o grande atractivo de Viqueira, nascía do seu carácter bondadoso e aberto, da súa lección moza, da súa conversa sempre amena e cautivante, que o facían acreedor das maiores simpatías. Saído do seio da Institución Libre de Enseñanza, levaba aínda vivo o espírito de aquel venerabel vello, educador de generaciós, D. Francisco Giner de los Ríos, e como il, tiña un conceito outimista da vida. E a vida era pra Viqueira un traballo contínuo de estudo, ao que derradeiramente tiñase ja consagrado por inteiro.

A súa desaparición rápida e inesperada, logo d'unha enfermidade tan breve, no total desenrolo das súas facultades, fainos lembrar agora aquela outra gran figura, aquel outro gran prestixio nacionalista, tamén morto no apogeo da súa vida. A figura simbólica de Porteiro, o gran agitador de espíritos, todo enerxía e dinamismo, ha de aparcer hoje na memoria de todol-os bós galegos, porque n'íl vemos con Viqueira, os dous grandes valores perdidos e cecais insustituíbeles por muito tempo, nas fileiras idealistas do nacionalismo galego.

Porteiro, Viqueira... Eis dous nomes, dúas figuras relevantes, como dous fachos na noite ergueitos encol dos cumios das nosas montañas, que en pouco tempo se esvaen do céu estrelado da Galiza. A figura alteira d'un caudillo, d'un sementador e d'un rebelde, e a figura serena d'un pensador e d'un artista de cote estremecido por un amor aceso a Terra galega.

Madrid, Setembro.

CORTÓN DO ARROYO

Lea vostede e progague

A NOSA TERRA

Idearium das Irmandades da Fala

IN MEMORIAN

Un novo malogrado para a Terra: Johan V. Viqueira, Desde onte xa repousa o seu corpo morto n'un cimiterio froldo das nosas mariñas, onde o pranto dos bos e xenerosos puxo brilantes de door, orballo das almas que sofren.

Viqueira era un espírito de meniño e un corazón de poeta. Mais era tamén, o propio tempo, un cerebro xurdio acugulado de ciencia e sabencia, feito para os estudos da Filosofía. As Belas Artes tiñan n'él un amador ferviente. E Galiza un apóstolo das súas arelas de cultura.

Nosoutros, n'esta hora da verdade, que e a do «post mortem», choramos o ilustre profesor.

Unha semblanza do probe Johan V. Viqueira, n'esta hora de door e abraimento, fáisenos pouco doada. Non imos tan siquer a intentala. Abóndenos con decire que foi da Institución Libre de Enseñanza e discípulo predilecto de don Francisco Giner dos Ríos e de Cossío. Que na Alemaña fixo varios cursos de Filosofía. Que escribiu un libro de Psicología infantil mui interesante e diversos folletos do mais alto releve. Que publicou traballos dinos de fonda loubanza nas millores revistas hespañolas e europeas de cultura. Que na cátedra, inda mais que un mestre e un pai dos alumnos, foi sempre un verdadeiro irmán. E que levaba a Galiza no corazón consustancializada do propio corazón, o que equival a decire que todo o seu sangue era unha fervenza de galeguismo a bulir pol-as veas para trocar en enerxía enxebre aquel cerebro privilexiado que hoxe roen os vermes, cecais sufrindo o castigo de se transformaren en vermes de lus por ela.

N'un cimiterio aldeán das nosas mariñas xa repousan os restos mortaes do probe amigo, do bó i exemprar galego,

¡Inequescente Viqueira, malogrado coma o malogrado e admirabel Porteiro! Eu penso n'esta hora de door que en Sada, en Betanzos ou n'outra villa mariñán, perto do cimiterio onde o ilustre profesor durme o derradeiro sono temos os que amamos a Galiza por riba de todo, que lle render un homenaxe d'amore a súa lembranza.

A. VILLAR PONTE

De «El Noroeste»

(Este número foi sometido a censura militar)

Homenaxe a Castro Gil

Celebrouse en Lugo, seu pobo natal, e constituiu n'un banquete ao que concorriron representaciós de toda Galicia. A Irmandade da Cruña enviou un querendoso telegrama de adhesión.

Moi merecido tiña Castro Gil este homenaxe xá que é un dos mais grandes artistas de Galicia e que mais outo poñen o nome da Terra.

Na arte que cultiva é do mellorcoño de Hespaña.

Difrentes veces temos manifestado a simpatía e admiración que nos merece o gran artista. E este homenaxe nos dá ocasión para llo manifestar unha vez mais con todo o entusiasmo e cordialidade.

DO POETA DA RAZA



Na coroación da Nosa Señora do Monte Carmelo, na vila de Cambados

*Virxe Santa do Carmelo, Nai do Amor e do Consolo,
c-o teu filliño no colo
entre estrelas a brilar
amorosa e compasiva, acolle con agarimo
o pobo que busca arrimo
a carón do teu altar!*

*Ven a renderche homenaxe de Reina, Nai e Señora,
e ofrendarche dende agora
alma, vida e corazón,
é, o par da humilde coroa que cinguirá a tua fronte,
traí doído e penitente
nos beizos esta oración:*

*¡Dona do Ben y-a Beleza, que tes para eternidade
asento de maxestade
do trono de Dios o pé.
bendice as nosas casiñas, a campiña y-a riveira,
e aviva en nos a fogueira
inmorredoira da Fé!*

*Bendice a chouza labrega, o millo, a viña, o centeo
e o fume que sube o ceo
como oración do fogar,
e trai a porto seguro a dorna que está no escuro,
loitando con leste duro
sobre das ondas do mar.*

*Lémbrate do malpocado que se marcha a terra allea,
lonxe da nativa aldea,
baixo a pouta do dolor,
e ampara o rico y-o probe, o que ríe y o que chora,
que todos somos, Señora,
os fillos do teu amor!*

*Dónanos días tranquilos, e de paz, e de sosego,
no saudoso chan galego
onde vimos a nacer,
aplastando, para sempre, a roxa serpe da guerra
que leva lonxe da terra
nosos fillos a morrer.*

*Cobre de follas e niños as ponliñas do carballo
e troca en locente orballo
o pedrizo do trebón;
bendice as águas es os ventos; bendice a escola y-a igrexa
e colga unha fror na rexa
do que padece en prisión.*

*Énchenos da craridade que na groría te alumea
y-ergue na vila e na aldea,
como raiola de luz,
por enriba da impiedade y-o brabío dó sendeiro,
abertos o mundo enteiro
os brazos da santa cruz!*

*Aruma c-o teu recendo montes, albes e regueiros,
as frores dos laranxeiros
y-as do toxo feridor;
e bendice, o mesmo tempo, as bagullas, as cantigas,
as roseiras, as ortigas,
o verme y-o reiseñor*

*Limpa de suór as frentes escravas pol-o traballo
e cura, xeitosa, o callo
que deixa o legon na man.*

*Contra da neve do inverno, dános mimosa quentura;
e fai que sexa a fartura
quen encha os fornos de pan.*

*O teu altar, Nai querida, os fillos do teu Cambados
chegan de ti namorados
a deixarche o corazón;
¡na morte como na vida, cubertos c-o teu mantelo,
Virxe do Monte Carmelo
bótalles a bendición!*

RAMON CABANILLAS

3 Agosto 1924

No mes d'Outono aparecerá

LAR

que publicará unha novela orixinal
escrita expresamente pol-o grande
humorista

Wenceslao Fernández Flórez

Seguirán quincenalmente

O ANARQUISTA

por

Leandro Pita Romero

SACRIFICIO

por

Euxenio Carré Aldao

A LOBA DO CAPITOLIO

por

Domingo Quiroga

A DONA DAS TORRES

por

Anxel del Castillo

NAICIÑA

por

Leandro Carré Alvarellos

TERESIÑA NOVÁS

por

Xoan Xesús González

e outras de Gonzalo López Abente,
Cabanillas, Francisco Camba, Aurelio
Ribalta, Fernando Osorio, Amado
Carballo, Francisca Herrera, Posada
Curros, Cotarelo, Bouza Brey, Lugo
Freire, Noriega Varela e outros

¡UNHA ESTRELA QUE FUXIU!

Por M. Beiras García

Noite xienta de tristura e soedade. Atopábame sobrecolido, ollando a fondura infinida do ceo, sementada por multitude de estreliñas que locían. fúlxidas, con aceso estrelecer leitoso, sobor do negro manto, cand-unha que brilaba com-un sol, escabullóuse bulindo de xunt'o grupo, describindo unha estela fermosa de lus, que se foi desvaido pouco a pouco.

¡Unha estrela que fuxiu! díxenme serenamente. De súpeto ouin aló, na lonxidade, layarse lastimeiro un can. Unha lixeira friaxe cubreum'a testa. As canelas temblaronme de medo, e o pouco sintin a carón de min o refregar de sayos no chan, o marmullo de moita xente que non dexergaba.

Unha rayola de lus fireume vista por-un anaco, paresceume o reflexo d'unha gadaña: a gadaña da morte. Logo que refreguei os ollos, vin avanzar, levado en vilo, paseniño, un bulto negro a maneira de cadaleito, rodeado da lus desvaída de catro cándieiros.

Detrás unha muller, axionllada y-enlutada en longo pano; choraba sobor d'el. Os fios de bágoas brillantes, percorrían as costas do cadulufo, até caer no chan, dibuxando un regueiro, que de súpeto cubríase de longas frores brancas de cinco follas, en forma d'estreliñas.

As ponlas dos arbes xemían Cheiraba eu sin alento os vafos quentes da terra húmeda. Xa sin folgos, pensei na morte con medo.

Fuxín tremando, da própea sombra, en procura do leito pra me deitar, latexand'o peito.

.....
Espertei canso e bateado. Ollei dend'o leito o ceo afumado cubrind'o sol, qu'escondía os seus rayos firentes do vran. O pouco vexo no diario, en loitadas verbas, a triste mala nova, coa morte de Xan V. Viqueira.

Lembreime axiña d'aparición da noite derradeira.

Miña visión, trocouse realidade, pensei.

E recordei a costelazón onde s'otopab-aquila estrela, dourada e brillante com-un sol, Aquela estrela fuxiu, fuxiu pra onde outras que s-atopaban desviadas, e que xa relumbraban menos.

Era aquel o carro da xuntanza nazonalista, y-eran istas as estrelas xa fuxidas

Recordei tamén, tondamente entrestecido, a gadana que me cegou, e que s'erguía diante d'aquila precisión fantástica de esqueletes que marchaban en silencio, con fachas acesas, nas mans descarnadas, onde levaban o negro cadaleito, que non eran outro qu'o cadávere do Viqueira. E recordei aquél pranto sinxelo da muller enloitada, que me fixo pensar na nobre causa, chorand'a a morte dun irmán; e por remate, aqueles fios férvedos de bágoa qu-o caer no chan, facían sair novas raigambres de irmans.

A loitadora fatalidade, non conquiereu pra ista ves o seu famento desexo; levaríanos o home pro non o nome, que con soyo recordalo. preto d'aquelas outras estrelas xa desviadas, e que me fan lembrar d'outros irmans non logrados, ohega d'abondo pra qu'a sua obra non esmoreza, e que en xamais se arrede de nos, latexando de cote no noso peito xoven, afogado por nobres desexos en col d'unha causa qu-aquiles nos fixeron amar con unzón.

Musitan meus beizos unha orazón, en memoria d'unha estrela que fuxin.

Eu quero rendirle un homaxe, pois o meu peito xoven sinte desexos de amainar a miña ansiedade de redenzón, e pra isto mas cullei con coraxe o qu'il de cote rezaba e o que no meu peito latexará eternamente: Terra e liberdade,

De "Galicia" de Vigo.

A autitude dos agrarios galegos

Para Víctor Casas

Fai días publicouse n'A Nosa Terra e neste boletín un certo artigo do Sr. Víctor Casas, botando en cara aos agrarios a noxenta e rebaixante autitude que tomaron nos derradeiros tempos. I-eu, como soldado que son das forzas campesiñas, me non podoo acougar sin poñer unhas "apostillas" as catro verdades espalhadas pol-o culto gaquista da Cruña.

O estado vergoñoso en que fican hoxe as organizacións labregas. non se debe percisamente aos directores en si, por mais que algunhos d'eles foron os primeiros en dobrar o rosario do lombo ante os que poden ofrecer canonxías politecas, i-os que traballaron no espaxamento das ideyas d'un novo partido.

As sociedades todas da Galiza, irreflexivamente, levadas no primeiro empuxón pol-a malquerencia os caciques, entraron nos concellos do brazo de xentes que non tiñan de común co'elas mais qu'esa mesma malquerencia.

I-estes directores de agora non obedecerían os mandatos do comité da Confederación Agraria anque este organismo saira do quedismo e do silencio en que se chocú, ineispricabelmente, dempois do Congreso da Cruña.

Emporeso, o agrarismo galego, non ha de finir nestas desfeita. Quizais seña comenente unha compreta desorganización das sociedades de labregos, para costituilas novamente

Pra esta obra de mañá deben estar dispostos os intelectuales que no seo do nazonalismo vein adicándose de curazón ao engradecemento do pais.

C. I. O.

«La Comarca» de Ribadeo

Leín con gran ledicia o artigo precedente do culto abogado e entusiasta galeguista D. César López Otero. Celebró fundamente que o tema por min tratado no derradeiro número merecese as consideracións que él vén a engadir ao que eu decía.

Efeitivamente; sendo Galicia un pobo cuio maior núcleo de poboación reside no campo faise necesario, por parte de quen nos adicamos ao progreso da nosa terra en todol-os ordes, adicarlle unha preferente atención e incru-so tratar de infruir no desenrolo e ourentación do movimento. Certo que hoxe nada pódese facer que siñifique autuación mais si convén aproveitar esta quedanza para limpar e purificar o agrarismo militante. E unha das primeiras cousas a facer é a escolleita de directores incru-so referíndome a algún dos que interviron na assemblea da Cruña a que fai referencia o Sr. López Otero.

Cabe confiar en que pasado este momento de parálisis obrigada sexan os mesmos agrarios e os directores que esteñan no movemento de boa fé e sen arelas de medro os que mais interés demostren en correxir os defeitos que n'estos tempos acusóu, desgraciadamente o agrarismo. E así como os nacionalistas ollamos sempre con atención o despertar agrario tamén é preciso que eles decatándose do valor que teñen e da súa importancia na vida de Galicia vaian ourentándose n'un senso galeguista forte e ben acusado xá que o problema da nosa terra vai intimamente ligado ao seu problema particular de milloramento e benestar. Agardemos pois e ogallá que as nosas espranzas e desexos se non vexán truncados para o cal xusgo necesario que cada ún aporte a tan nobre e boa causa todo o que poida en ideas e axudas

E non quero rematar estas liñas sen facer resaltar aquí o feito consolador, do que se fala tamén n'outro lugar de este número, de ollar como en Ribadeo está aparecendo unha mocidade xenerosa e fundamente galeguista, e ben ourentada, que ben realizando unha meritísima labor de cooperación ao noso movemento de rexurdimento galego do cal son probas satisfactorias o artigo do Sr. López Otero, a súa presentación do coro «Cántigas da Mariña» e outros traballos interesante dos cales temos referencias particulares.

Con gran simpatía temos de ollar a este fato de novos irmans que veñen a nos axudar na tarefa patriótica de engrandecimento da nosa Nai Galicia.

V. C.

(Este número foi sometido a censura militar)

Todo bo galego debe ler e propagar

A NOSA TERRA

Idearium das Irmandades da Fala

Unha gran festa galega

O día 2 do pasado Septembre celebrouse no Teatro de Ribadeo unha fermosa e galeguísima festa, presentación do novo coro «Cántigas da Mariña». Os carteles anuncios da velada foron feitos en galego e levando a nosa bandeira.

Estos carteles aparecían por total-as rúas dando con elo unha agradabre e fermosa impresión de fondo e ben sentido galeguismo que meresce os nosos entusiastas aprausos.

A velada foi un éxito compreto e definitivo. As cancións enxebres e escollidas, as dúas dúas obras de teatro que representaron, as parellas de baile e unha fermosa decoración feita por Camilo Díaz foron ouxeto de grandes e merescidas ovacións do público que ategaba o teatro e que saeu encantado da fermosa festa.

Fixo a presentación do coro n'unhas cuartillas en galego que publicamos n'este mesmo número o culto abogado D. César López Otero. Os nosos lectores atoparán n'elas orientacións axeitadas e manifestacións d'un galeguismo ben encauzado que a nós encheunos de ledicia pois e manifestación de como as nosas prédicas van atopando eco en toda Galicia.

Con satisfacción inmensa enterámonos da celebración d'estos actos galeguistas por medio do Semanario «La Comarca» que apareceu casi todo él escrito en galego e por noticias particulares de amigos nosos d'aquela vila que tomaron parte activa na organización da festa. Se esta patriótica labor que veñen realizando tan enxebres rapaces tivera imitadores en total-as vilas galegas o noso problema ficaría moito mais axiña resolto. Pero desgraciadamente hainos que prefiren, como dí moi ben «La Comarca», «As Corsarias» e outras zarzuelarias d'un *framenquismo por moitos concetos noxento*.

Enviamos aos nosos amigos César López Otero, Amador Suárez Couto Antón Rodríguez Darriba e a cantos tomaron parte na festa un aprauso cordialísimo co desexo, pol-o ben da Terra, de que continúen co mesmo entusiasmo realizando a patriótica labor que tan ben comenzan.

Ao comenzo e ao final da festa o coro cantou o Hino a Galicia que foi escoitado en pé con devoción patriótica pol-o enorme público que enchía o teatro.

MEDITACION

A Galicia pobo eminentemente agrario, o mais agrario dos que forman o Estado hispanol,

EN FRANCIA

Un congreso pancéltico

Celebrouse en Quimper, capital da Bretaña, nos días 6 ao 14 do mes pasado un congreso pancéltico en cuio comité de Honor figuraron o Prefecto de Finisterre, o Alcalde de Quimper e o presidente da Unión Rexionalista bretona. Foi subvencionado pol-o Concello e a Cámara de Comercio.

Pronunciáronse moitas conferencias a cárrago de ilustres persoalidades, sobre a «O movemento bretón. A fé bretona, Historia de Bretaña, O país de Gales e a sua fala. Música celta (con audicións), Arte en Bretaña, Irlanda, Escocia e a sua fala, Música bretona (con cantigas) A Bretaña económica, e O ideal céltico.

Houbo solemne misa na catedral con sermón en bretón, bendición e desfile das bandeiras rexionaes bretonas, xuradamente de fidelidade a Bretaña e as suas tradicións.

Tamén celebráronse representacións teatraes; entre elas, a do notabre drama en 3 actos en verso «Kemener», escrito en bretón por Euxenio Le Mouel.

Como final tivo lugar a grande festa das reinas de Cornuailles, e un magno banquete en honor dos numerosos congresistas que asistiron de case todol-os povos célticos.

Da Cruña adheríronse a Irmandade de Fala, R. Academia Gallega e Instituto de Estudios Gallegos.

Por se recibir tarde en Galicia programa e invitación para asistir ao congreso non foi posible mais que enviar as adhesións que citamos. D'outra sorte, seguramente que algúns dos nosos intelectuaes que teñen feito estudos encol do celtismo na nosa Terra, non deixarían de enviar ao congreso algún traballo interesante, que fixera así ouvir a voz dos galegos n-aquela reunión de xentes que pertencendo a países distintos teñen noustante un orixe e un sentimento común como teñen tamén costumes afís.

Como resposta ao telegrama enviado pol-a Irmandade da Fala recibimos outro que di así: «Remerciements vive sympathia freres Galice. Congres Pancéltique.»

(Este número foi sometido a censura militar)

O congreso luso-galaico

Por causas alleas á von'ade dos organizadores tivose que adiar a celebración do congreso de escritores luso-galaicos que proyeitaba o Instituto de Estudios Gallegos da Cruña.

Sentimos este aplazamento e agardamos que tan interesante congreso non deixará de se celebrar.

El pode ser de gran importancia para o achegamento e irmandade entre os escritores de ambos países tan somelantes pol-a fala como pol-os sentimentos.

COMO SE AXUDA

A riqueza agro - pecuaria de Galicia

Leemos na prensa rexional que foron pechados por orden do Goberno as Estacións agro-pecuarias e campos de experimentación que viñan funcionando nas provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra.

Comprendemos que os enormes gastos que exige a ruda contenda de Marrocos, agora agudizada pol-os medios de que dispoñen os indómitos rifeños que pretenden impedir a implantación do proteitorado español e o progreso e cultura que co'el sobreviviría naquel territorio poden ser causa de que o Goberno se vexa na necesidade de aforrar por outro lado o enorme caudal que a guerra precisa para se soste.

Mais, foron tempos e veñen tempos, o que honte non puido sere, hoxe ten mais perto o seu día, e mañán poderá lograrse.

Teñamos esperanzas de que chegaremos a ver desterrados aqueles vellos sistemas de política noxenta.

Temos a seguranza de que d'este xeito a nosa Terra daría un pulo formidabile hacia o seu benestar, ao que ten dereito.

LEANDRO CARRÉ

(Este número foi sometido a censura militar)

**

E do fondo do val xurdiron os estridentes sons de un organillo.

Sentínme como ferido por unha descarga eléctrica.

¡A grande disonancia de un pasodobre toureiro e o ben compasado fungar dos rumorosos pinos!...

**

E dórido voteime a pensar na incultura dos meus irmáns labregos, que perderon xa o instinto da arte.

Que ao compás do chiar dos carros cantan unha canción apache.

Que desbotaron a gaita e fan soar os himnos da chulería e do descoco baixo o palio magnífico dos nosos bosques centenarios.

**

Mais, tras do verdor das albres vaise destacando a silueta de un grande edificio.

Un balneario.

**

¡Ah! que non son somente os incultos e analfabetos fillos dos nosos campos.

Son tamén os protexidos da fortuna, os que visitan cidades e museos, os que con tono dogmático falan de arte, os que teñen sempre na boca — como arroutos necesarios aos seus xantares farturentos— as verbas *civilización e cultura*.

**

¡Malpocados monifates barnizados de universalismo!

¡Gardade esas cancións chulescas pra ás vosas festas en canalladas e vilegas!

¡Levádeas ás terras requemadas do sol!

¡Mais non profanedes a máxica armonía das terras sempre verdes.

F. ABELAIRA

LECTURAS

Ronsel-Lugo

Recibimos o número 4 d'esta interesante revista de arte que dirixe o noso bon amigo Correa Calderón.

Pubrica importantes traballos de Antonio Marichelar, López Picó, Pierre Garnier, Jesús Bal, López Pombo, Francisco Vighi, Pérez de la Ossa, Alvarez Gil, Alfonso Duarte, Gómez de la Serra, Correa Calderón, libros e revistas no que fala de «A Nosa Terra» e divuxos de Suárez Couto, Norah Borges e un retrato de Uuamuno por cebreiro.

Este número de Ronsel continúa inspirándonos a mesma agradable impresión que na saída do primeiro.

Un episodio de la vida académica de D. Domingo Fontán.—Cabeza de León.

O sabio catedrático da Universidade compostelán impreviu o interesante traballo conque fixo entrada no benemérito Seminario de Estudios Gallegos. Recibimos dous exempraes. Tan importante traballo refiréase a un episodio da actuación académica do ilustre matemático no que a súa rectitude e nobre proceder fican a salvo e por enriba das envexas e maledicencias de que foi ouxeto.

Atopamos moi ben esta crias de traballos xa que nos dán ocasión de conocer perfectamente a vida de galegos que como Fontán tanto honraron a Nosa Terra. A nosa enhora ao señor Cabeza de León.

El milano y la rosa.—Correa Calderón.

Con atenta adicatoria que agradecemos chegou a nós esta novela orixinal do noso querido irmán Evaristo Correa Calderón. E o primeiro volume de «Editorial Ronsel» que él dirixe.

Leimol-a con todo cariño e agradounos grandemente. O asunto non é novo mais Correa Calderón tratao moi ben e na galana prosa en que está escrita atopamos belos pasaxes que o conceituan como un novelista de brillante porvir. Correa Calderón demostra nesta obriña grandes condicións de literato que pode dar obras de moito mérito. Os nosos lectores conóceno xa pois e un dos nosos mais brillantes colaboradores.

Agradecemos o envío e felicitamos cordialmente ao noso irmán desexandolle unha boa venda da súa obra.

Valentín Lamas Carvajal

O día 4 de Setembre de 1906 finou en Ourense.

Fai dazaoito anos que morreu e cada vez a súa figura de grande poeta, de enxebre escritor, medra en prestixio e en devoción.

En Ourense, seu povo natal, onde por iniciativa de «O Tio Marcos da Portela», o famoso boletín que fundara o poeta, erixiuse hai poucos anos un sinxelo moimento a súa lembranza, poñeráselle agora o seu nome a unha rúa.

O povo galego parez que se vai decatando do que son e representan os patrianos galegos que nos legaron nas súas obras o sentimento que os animaba: todo o seu amor a Terra total-as suas arelas redentoras encol da persoa- lidade da nosa raza.

A labor literaria de Lamas Carvajal foi estudada por Emilia Pardo Bazán no seu libro «De mi Tierra», e por D. José Parga Sanjurjo no seu discurso de entrada na R. Academia Galega. Tamén na Literatura Galega de Carré Aldao adícanse as páxinas que a súa escrarecida persoalidade merez.

Nos honramos hexe o noso boletín reproducindo unha das fermosas e sentidas poesías do chorado vate.

A un amigo morto

O teu derradeiro mensaxe encheume de indignación. Estiven por non voltar a comunicarme contigo xa que tampouco creto das ás miñas noticias. Se en algo apréciasme agardo non te poñas n'ese pé pois darás lugar a que suspenda toda relación entre os dous. E xa sabes que mais perderás tí, pois non poderías, aínda dende tan lonxe, gozar algo, a través das miñas noticias, da nosa envexabre felicidade. Bueno; deixemos esto que agardo se non repitirá e pasemos a cousas de mais transcendencia. ¡Gracias a Dios poderemos estar tranquilos.

Cumpreuse xa o primeiro aniversario. Por mór de moitas cousas se non celebróu con todo o entusiasmo que se pensaba celebrar. Iba ser unha cousa extraordinaria e nunca vista en ningunha manifestación de entusiasmo popular pois todo o pobo, xa sabes que a opinión enteira pensa igual habería de tomar parte n'ela. Pol-as razóns de que che falo mais arriba quedóu todo reducido a uns cantos telegramas e balcós engalanados con panos de alegres côres.

Un botón para che demostrar que agora estamos mellor que antes: Nos tempos do «viejo régimen» os gobernantes vivían compretamente arredados do pobo, Agora non. Agora vivimos en compreto contacto. Todol-os días vén nos xornaes unha nota oficiosa decíndonos o que pasóu o día anterior e as cousas de mais interés que suceden no país. Pero non penses que veñen cheas de literatura, de verbas bonitas para agradar a ninguén. Non, nada d'eso, al grano, al grano Chamándolle ao pan, pan e ao viño, viño. Ademais como hai tanta seguridade e confianza de que non somos enganados o pobo vive confiado na masculinidade e acerto dos que empuñan o mando.

Outro botón; A seguridade dos cidadanos hespañoles está prenamente garantizada. Os somatenistas veñen sendo dende agora casi o mesmo que policías.

E nada mais para hoxe.

Quérete con toda a alma teu amigo

VICTOR CASAS.

Este é o derradeiro mensaxe que che envié. Dende agora voume adicar a facer versos ultraistas e puntilla de Camariñas e me non quedará tempo para mais. Perdóname pero esto é mais fácil e lucrativo. Emporiso; conta sempre co meu fraternal cariño e invítóche novamente a pasar aquí unha temporada que eu asegúroche o non pasarás mal. Así verás pol-os teus ollos a nosa verdadeira situación.

(Este número foi sometido a censura militar)

O Dicionario da Real Academia Gallega

Pubricóuse o cuaderno 23 d'este notabre Dicionario galego-castelán que é lástema que non vaia un pouco mais de presa.

Este cuaderno comprende dende a verba *Bullote* hasta *Cadrado* e ven, como sempre, cheo de interesantes trozos dos nosos escritores como apoio das palabras que figuran n'él.

Notamos noustante unha omisión imperdonable, a da contracción da proposición e artículo *ca* (con *la*) e a da conxusición comparativa *ca* (que).

Tñamos entendido que na derradeira xuntanza da Academia nomeárase unha comisión para a revisión e estudo do Dicionario, mais en vista d'este novo cuaderno supoñemos que a tal comisión non será mais que nominal, d'outra sorte non pasaría un lapsus como o que apuntamos.

¿E non habería maneira de que a aparición dos cuadernos fose mais rápida? E unha pena que unha publicación coma esta vaia tan paseniñamente.

OS COROS GALEGOS



(Verbas e presentazón do coro «Cántigas da Mariña, leídas polo seu autor
Señor César López Otero)

Miñas donas, meus señores:

Os animosos rapaces de Cántigas da «Mariña», encargáronme a sinxela misión de vos presentar ao coro que nomease tan feiticeiramente, pra que o mesmo tempo proclame en público cales son as fines que arela: e cal e a razón primeira que o trai as táboas Porque ei d'adiantar que n'esa razón e n'esa fin non entra o propósito de faguervos pasar veladas pracenteiras.

Xa sei que son eu pequeno voceiro para unha obra d'esta natureza. Non ñoro a catívez y-a falla de capacidade que privanme de satisfacer a vosa curiosidade y-o meu desexo. Pro veño eiqui, o ler estas probes liñas, cumprindo una obrigazón de galego, e por ver si d'este xeito pode ser útil n'un anaco a esta masa coral que empeza hoxe a loitar pol-a causa das reivindicaciós e do renacemento artistico da nosa terra. Ademais, como me non gusta vestir galas alleas, cumpre que vos diga cas ideyas que espallo nestas follas i as afirmaciós que nelas fago, non son escrusivamente miñas, senón xurdidas de parolas cos amigos que s'ocupan d'estas cousas con mellor coñecemento d'elas.

I

Oubo un tempo malfadado, en que os fillos da Galiza que se decían escolleitos, compraciáanse renegando da terra onden tiñan os reigaños da sua vida, as espiñas dos seus dores i as froles da sua ledicia. I-ende mal, ese tempo non s'acabou aínda.

A fala que nos deixaron nosos abós, os bailes variles de pobo virtuoso e forte, as canciós melancónicas e de ricas melodias enxebres, a poesía que recolleron os precursores..., son tesouros que ollaron sempre con desprezo os que créron que demostrábase cultura falando castelán, marcando pulos de raposo e de camello, berreando o «Soldado de Nápoles» ou as «Corsarias» e lendo literatura de cabarete. Porém, zafado tiña que ser o noso porvir, con mouras trebas, si encol de tales manifestaciós de dexeneración da raza, non s'erguera a refulxente lumrada espritoal que atizan os «bos e xenerosos», formentando o amor o noso arte i-ensinando a respetalo. Pois fartos estamos de saber que pobo que esquece suas tradições e ten malquerencia a canto significa enxebriño, e pobo morto e pobo sin alma nin destiños na Historia.

Ribadeo, com'outras vilas, achou esos homes «bos e xenerosos». Soilo un puñado d'eles; pro que levan nas calexas do corpo o sangue mozo, que e sangue de entuseasmo, sangue de fé, sangue de amor...

I-os tales escomezan a sua labor galeguista dando os ares de hoxe a música bela do pobo. Eu direivos porque tiña que ser ese o primeiro paso.

II

A persoalidade da nosa Matria vive soilo por efecto dos factores estáticos: raza, tradición e fala.

Na tradición, achamos esa música popular a que lle atribue Fernán Caballero, a determinazón do carácter dos distintos países da península ibérica.

Y-e tan importante esa música, como elemento de conservación da nacionalidade, que o gran mitógrafo portugués Theóphilo Braga puido decir, que sendo Galiza a provincia mais duramente submetida a unidade política e mais sacrificada pelo centralismo administrativo, ela resiste pela sua tradicao lyrica en que conserva a sua teicao étnica e esse espírito local a que chama «soidade».

En efecto, o noso canto popular lírico—en Galiza e cuáseque sempre lírico, por distintas cualidades de raza e circunstancias históricas—soilo pode sair da i-alma galega, é porém dícenos onde está campia húmeda que motiva a saudade, paisaxe que garda feitos e belezas como non s'alcontran en ningures, servindo así, esa lírica, de fronteira espritoal pra separarnos das mais rexións d'España.

Mais, o canto popular vaise perdendo paulatinamente, e si non habemos de perder co'el a persoalidade nacional temos que percurar conservalo como ouro en pano, do mesmo xeito que se gardan nos museyos os productos das outras artes. Pra isto fundou o mestre Feijó o seu célebre coro, e creáronse todos os que eixistiron i-eixisten. Pro as masas corales, teñen aínda unha segunda finalidade mais outa, que sálese dos lindeiros da comenencia local.

III

Os coros galegos buscan tamén a conservación do canto popular, pra que no seu día sirvan ises cantos de orixe e fundamento a unha música de categoría que sendo esencialmente galega, sexa o mesmo tempo de universal aceptación. Así que endexamais deben convertirse en orfeós, nin admitir no sea repertorio outras obras que ás dos temas populars dreitamente escolleitos i-armonizados o mais sinxelamente posibre, pra non dañar a sua inxenuidá i-a sua frescura.

Estamos enganados si cremos que xa se fixo sobre da lírica galega a composición d'unha música que poida ser universalizada.

Galiza, no seu renacemento espritoal, conta con grandes poetas, pintores e escultores; pero con músicos, non. Pol-o menos músicos de calidá comparabre a unha Rosalía, a un Castelao, a un Corredoira, a un Bonome... Aqueles compositores os que lles atribúe o orgullo do país una excelencia pue non tiveron y un galeguismo

que non ollaron, forzoso e reconocelo, eran músicos de corto voelo todos íles, e, mais que pareza estrano, moi pouco galegos na suas obras.

En efecto, a composizón musical se non compón soilo de melodía: e ritmo y armonía tamén. I-as obras de Montes, Veiga, Chané, etc., mostran solasmentes un pouco de sabor galego na sua parte melódica. O demais e convencional ou compretamente italiano, como era toda a múseca que na Hespaña se esquirbía estoncias. E como resultado, achamos obras sin gran carácter, as que atribuímos un galeguismo pueril e superficial por aquilo de que "en terra de cegos un torto eo rey".

A canción popular galega e toda a hespañola, e algo estrano o sistema musecal corrente, basado solasmentes nos modos mayor e menor. E unha recolleita de sistemas musicais d'époas lonxanas, tundados n'outros modos, e porém, si ha de ser apropiada a amornizazón da canción popular o seu verdadeiro carácter, ten que ser elaborada no modo en que esteña tal canción. E como na época de que falamos, a múseca italiana da peor crás, era o úneco alimento dos compositores hespañoles, está craro que cando se enfrentaban con melodías populares ou compostas n'ó idioma do pobo, ao tratadas do mesmo xeito cás melodías correntes d'unha ópera, esquirtas sempre en modo mayor ou menor, fracasaban sonadamente. Tal e o caso dos músecos galegos que dixemos.

Mais o feito de que non tivésemos músecos galegos non significa nin moito menos, co pobo galego se xanegado pro arte musical. Ahí está pra desmentilo un riquísimo venero de cancións populares. O que falla e o home que ruba esas cancións a categoría universal por medio d'unha elaboración arteira apropiada a sua natureza. Ese home, ha d'atoparse, que donde foron nados dúcias d'eles que deron gloria as ciencias, a literatura, etc., poden xurdir tamén compositores de gran capacidá artística.

IV

E xa por este camiño, temos que decir, co músico que s'encárregue de faguer composiciós galegas de categoría, ten que prantearse o mesmo problema que se pranteou Glinka (múseco ruso de medeados do século derradeiro), ao pretender compoñer múseca especificamente *rusa*. Este proclamou aquilo de que o compositor nazonalista, ha de estreitarse a elaborar i-alongar os temas que lle dá o pobo na suas cancións e nas suas danzas.

Pró, craro está, dado o carácter especial das cancións do pobo, xurdiu a dúbida ao buscar o xeito de elaborar esos temas, e mais este outro problema: astoncias a úneca múseca de categoría artística era a alemana do romanticismo, i en plano mais baixo, a ópera francesa e italiana; ¿eran estas formas d'apricazón o xenio dos demais pobos, ou peculiares o alemán i-o italiano solasmentes?

Axina se viu que non bastaba coller melodías populares e faguer co'elas sinfonias, óperas e cancións, pois, como d'ixo Manoel de Falla, que e hoxe o mayor exponente do nazonalismo, «o *esprito* ten mais importancia ca *letra*». O ritmo, a modalidá i os intervalos melódicos, que determinan suas ondulaciós e suas cadencias, consti-

tuyen o esencial d'esos cantos, i o pobo mesmo ensiñanól-o así o tratar de modo infinito as líneas puramente melódicas das suas cancións. Y-ainda mais: o acompañamento ritmico e armóneco d'unha canción popular, ten tanta importancia com'a canción mesma.

O nazonalismo musical, na sua fórmula definitiva—ilustrada pol-o própeo Falla mellor que por naide—ven a ser algo mais do que faguia Glinka, o seu fundador. O múseco usa melodías propeas—no idioma popular—e as adereza nun acompañamento basado nas características armónicas e ritmicas do canto do pobo, istrumentádoas ispirándose tamén nas tradicións do mesmo, úneco xeito, según Falla, d'achar esa arelada tradición imposibre d'atopar noutra parte.

Esto fixeron, con mais ou menos decisión e fortuna, Borodin, Rimsky, Mussorski, Glinka e outros de menos soa, en Rusia; Grieg, en Noruega; Sibelius en Finlandia; Smetana e Dvorak en Bohemia; Bartok, en Hungría, i-entre nos, Pedrell, Albeniz e Falla.

Ese e o camiño pra conseguir unha música galega i-o mesmo tempo asequire pra tod-o mundo.

V

O primeiro paso, e estudar a concencia múseca popular en todos os seus aspectos; para limpiala de impurezas alleas i-estabrecer a verdadeira tradición galega, Urxe iste traballo, pois de non levalo a cabo axina, mais tarde faráse imposibre, porque o verdadeiro canto galego chegará a desaparecer ou a disfigurarse en breve prazo. I-esta ten que ser tamén obra dos coros, alternada coa de divulgar aquela múseca, e faguer co pobo volva a familiarizarse co ela, hastra que todo o galego cante en galego (letra e múseca) ao primeiro impulso.

De este xeito faguerase unha gran obra patrióteca, que como xa vimos, e según dicho Menéndez Pelayo a canción popular a reintegradora da concencia da raza. I-o mesmo tempo beneficiarse o arte verdadeiro, que non ten fronteiras.

VI

Von a terminar. demasiado abusei da vosa paciencia: agora só me queda pedirvos perdón pra mín, é benevolenza para o coro que vaise a presentar eiquí. Lembraivos de que fixo solasmentes nun mes d'ensaio o que os demais da mesma cras, fan nun ou en dous anos,

Quizais, por isto, haxa non chegado arastora a perfeición arelada na execución do canto; pro ten un mérito apreciabel: a propiedade singular na vestimenta, a variedade de coores nos traxes, que danlle un aspeito belo d'enxebriemento mariñán, e desbotan a noxenta uniformidade d'outras agrupaciós corales galegas.

«Cántigas da Mariña» ten de trunfar, porque o seu director, o gabado arteiro Amando Suárez Couto áchase ateigado de amor a Galiza i-o seu arte, e por si esto non fora suficiente, conta con rapaces moy galegos tamén e moi entusiastas, e sobre todo c'unhas tantíñas meigas que levan metidos no corpo tantos feitizos como teñen pra min estas verbas.

!TERRA A NOSA!

Vida Marítima e Comercial

Sud-Atlantica Sobriños de José Pastor

Y

BANQUEIROS

Chargeurs Reunis

PROXIMAS SALIDAS

Para os portos do Brasil, Montevideo e Buenos Aires dos modernísimos trasatlánticos rápidos de 16.000 toneladas de desplazamento, 10.000 cabalos de forza e dous hélices.

Precios en terceira crase (Incluídos impostos)

(Suxéto as variacións do cambio e sin impostos.)

TERCEIRA PREFERENCIA—En camarotes de 2, 4 y 6 camas, con comedores, salóns de conversación e café cuberto, independentes. Precio n-esta clase: é o corrente de terceira mais un suplemento de 125 ptas.

TERCEIRA EN CAMAROTE—En camarotes de 2, 4 y 6 camas, con comedores, salóns de conversación e cantinas: o precio de 452'60 ptas, incluído os impostos.

Remitiránse fotografías d'estas instalacións a quen as pida.

Facilitarán toda crás de informes os seus Axentes xenerales en Hespaña: ANTONIO CONDE, FILLOS.—Plaza de Orense, 2-A.—Telegramas y telefonemas *Chargeurs*.

Casa fundada en 1776

A Cruña, Vigo, Lugo e Orense

Almacés de ferros, aceiros, metás, ferramentas e toda crás de ferretería

Fernández, Torres y C.ª

Casa central: **A CRUÑA**

Linares Rivas, núm. 12

SUCURSAL: Cantón Pequeno, 9 e 10

Teléfonos... { Urbano 75 e 78
Interurbano 49

VIGO


Urzáiz, número 1 Teléfono 253

a mais importante do Norte de Hespana

escrusiva de

"Royal Doulton Potteries"

primeira fábrica de Inglaterra



V.ª de Novoa

Visitade a exposición permanente en

Payo Gómez, 9
CORUÑA


CAMILO DIAZ BALIÑO

Huertas, 37

Santiago de Compostela

TALERES DE PINTURA DECORATIVA

Decoración pra Teatro en papel especial e tela con dúas ou mais transformacións—Especialidade en asuntos e paisaxes gallegos —Decoración pra Teatros pequenos e salóns familiares
Pantallas especiais pra Cine—Construcción de Carrozas e Arcadas para festas
Traballos de propaganda—Restauración e decoración d' Altares e imáxines
Construcción de Monumentos de Semana Santa—Paneaus decorativos e decorado de Salóns en todos estilos, ao óleo y ao temple—Imitación de tapices con asuntos de pinturas antigüas e modernas :—: PREZOS ECONÓMICOS



Edificio do Kiosco Alfonso - Paseo de Méndez Núñez

Kiosco Alfonso

Situado no centro do paseo de Méndez Núñez
É o ferido do público. O mellor local de Verano

Gran Restaurant

NO PISO ALTO

FERMOSO SALÓN-COMEDOR

LUXOSA INSTALACIÓN

SERVICIO ESMERADO

Cuberto: 4'50 pesetas

A SUPERIORIDADE
DOS

CALZADOS SENRA

abonda para xustificar a preferencia dos consumidores. Mais
o procedere d' unha industria galega,

HONRA DA NOSA REXION

obriga a non gastar outros a cantos sinten amor pol-a sua Terra.

Fábrica: Avenida da Granxa - A CRUÑA

DESPACHOS:

Cantón Grande, 15 - A Cruña,

Real, 110 - Ferrol.

Principe, 9 - Vigo,